



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral Técnica

Edif. Adm. San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tlf.: 981 544 513 Fax: 981 544 601



DILIXENCIA DE CONSTANCIA

Esténdoa eu, José Ramón Pardo Cabarcos, subdirector xeral de Réxime Xurídico, para facer constar que a memoria que segue, que leva por título *Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Asociación de Axuda ao Toxicómano "Érguete"*, é unha imaxe obtida mediante o escaneamento íntegro da memoria orixinal, que foi asinada de forma manuscrita o 21 de marzo de 2018.

E para que produza efectos cara a súa inscrición no Rexistro de Convenios do Sector Autonómico de Galicia, asino electrónicamente a presente dilixencia.





MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E A ASOCIACIÓN DE AXUDA AO TOXICÓMANO “ÉRGUETE”

O artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, establece que o Conselleiro é a autoridade superior da Consellería e como tal ostenta a representación do departamento que preside.

Antecedentes

No exercicio das súas competencias, o Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza ten previsto formalizar un convenio de colaboración coa Asociación de axuda ao toxicómano “Érguete” para continuar coa colaboración na realización durante o ano 2018 do programa de Formación e Integración Social (PFIS), destinado a reinserción de persoas con problemática legal, así como para apoiar financeiramente á entidade na realización de gastos de investimentos.

O obxecto da Asociación Érguete é destinar e afectar o seu patrimonio á realización, sen ánimo de lucro de fins de interese xeral para a comunidade, encamiñados a inserción socio-laboral de persoas con especial dificultade de integración na sociedade. En particular a entidade promoverá todas aquelas accións que respectando as disposicións legais existentes, fomenten a formación profesional, a reeducación, a reinserción social e alfabetización dos colectivos marxinados dentro da Comunidade Autónoma.

A Asociación Érguete está a desenvolver o programa de Formación e Integración Social (PFIS), destinado a persoas con problemática legal (delincuentes primarios en período de suspensión de condena ou en circunstancias susceptibles de acceso ao Programa, cun baixo índice de perigosidade ademais de cun nivel medio-alto de motivación para o cambio). Este programa, que nace en resposta á petición de xuíces e fiscais de posta en marcha dun programa de intervención en delitos menores ou primeiros delitos como alternativa á pena privativa de liberdade ou compensatoria nas concesións de suspensión de condena, comeza a súa andaina no ano 2007. O obxectivo básico deste programa é intervir ao comezo da actitude delituosa para lograr acadar a integración social plena, consciente e satisfactoria das persoas que delinquen.





Finalidade

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza considera necesario colaborar coa Asociación Érguete no proxecto PFIS, pois é a través de programas de intervención terapéutica como este, no que se intervén para analizar e restaurar as causas que levaron á persoa a rachar os seus vínculos coa sociedade, afastándose dela, a forma de acadar unha integración social plena, consciente e sobre todo satisfactoria de delinquentes primarios, evitando que se convertan en habituais, pasando así a engrosar o número de internos que ocupan os centros penitenciarios da nosa Comunidade Autónoma.

Para contribuír ao cumprimento deste obxectivo, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza achegará á entidade a cantidade de CINCUENTA MIL EUROS (50.000€) que se imputarán á aplicación orzamentaria 05.21.121A.481.1 (CP.:2015 00089) "Convenios con institucións sen fins de lucro" dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018.

Incorpórase ao expediente a declaración xustificando a imposibilidade de promover a concorrência pública, de acordo co establecido no artigo 26.2-a), da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións públicas de Galicia.

Na cláusula terceira e cuarta do convenio recóllese o réxime de xustificación e libramento dos fondos. A achega económica da Consellería realízase de acordo co previsto nos artigos 28 e 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións públicas de Galicia e no Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da devandita Lei.

Aos efectos do previsto no artigo 6.3 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, a realización de actuacións de subvencións a favor de entidades aparece recollida nos orzamentos desta Vicepresidencia e Consellería no obxectivo estratéxico número cinco: "impulsar a igualdade de oportunidades, a inclusión social e a mellora dos servizos sociais", obxectivo operativo doce: "actuacións da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza en colaboración con institucións sen fins de lucro para a realización de actividades de apoio a colectivos de persoas en risco de exclusión social ou outras actividades de interese xeral". O orzamento reflicte a dotación económica que se detinará para a aplicación e posta en marcha dos obxectivos da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Por todo o que antecede considérase conveniente a sinatura dun convenio de colaboración coa Asociación de axuda ao toxicómano "Érguete", para continuar coa colaboración na realización durante o ano 2018 do programa de Formación e Integración Social (PFIS),





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral Técnica

galicia

destinado á reinserción de persoas con problemática legal, así como para apoiar financeiramente á entidade na realización de gastos de investimentos.

Santiago de Compostela,

21 MAR. 2018

A secretaria xeral técnica

Beatriz Cuiña Barja





CVE: DQm7FqNVD7
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>